



Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 10 de outubro de 2022 e previo exame do recurso, adopta o seguinte acordo,

Expediente 214/2022.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. – O 5 de outubro de 2022 don Enrique Expósito, na súa calidade de Presidente do Club Béisbol e Sofbo Cambre, interpón recurso contra a decisión da Xunta Electoral de 3 de outubro de 2022, notificado o 4 de outubro, de excluír do censo electoral definitivo ao devandito club por falta de pago da inscrición ás competicións. Fundamento o seu recurso nos seguintes motivos:

- 1) A extemporaneidade da actuación da Xunta Electoral.
- 2) O club está debidamente inscrito na federación coa antigüidade esixida. Non aporta documentación xustificativa do abono dos dereitos correspondentes pola inscrición.
- 3) Solicita a paralización do calendario electoral ata a resolución do presente recurso y se determine o dereito do club recorrente ao estar no censo electoral definitivo no estamento de entidades deportivas.

SEGUNDO. – A Xunta Electora, xunto co recurso, remitiu o seu informe no que se indica:

- 1) Que de oficio apreciouse que o Club Béisbol y Sofbol Cambre non está dado de alta na Federación Galega de Béisbol e Sofbol para a tempada 2021 ao non aboar os dereitos correspondentes a dita tempada, polo que non cumpriría o artigo 6.b.1. do regulamento electora.
- 2) Que a Xunta Electoral pode actuar de oficio para resolver cantas incidencias podan ser detectadas na elaboración dos censos.
- 3) No se acreditou polo indicado club o pago dos dereitos.

É relator don Carlos Pérez Ramos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. - Competencia e procedemento.

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias as que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas cuestións que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral.

O artigo 88 da mesma norma establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas, quedando exceptuados do indicado ámbito os actos de aprobación do regulamento electoral, os cales teñen o seu propio réxime de recursos ante a administración autonómica.

Asemade, o exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ao Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia, nos seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.





No que se refire a este Comité, o artigo 93 da Lei do deporte de Galicia dispón que lle corresponde o control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos competentes das federacións deportivas de Galicia, incluída a súa convocatoria, tramitándose este polo procedemento que regulamentariamente se determine.

O Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, adica o seu Capítulo V a regulación do proceso electoral.

O devandito decreto, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ao longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, en última instancia administrativa, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o **censo electoral provisional e definitivo, as resolucións das comisións xestoras e xuntas electorais** e restantes cuestións previstas no decreto.

Pola súa banda, o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, regula o procedemento en materia electoral federativa nos seus artigos 55 e seguintes. De conformidade con artigo 55.3, están excluídos do ámbito de procedemento en materia electoral a impugnación das convocatorias de eleccións e dos regulamentos electorais, os cales se tramitarán polo procedemento ordinario. Contemplándose una previsión idéntica no artigo 30 do devandito decreto cando regula o procedemento ordinario.

En consecuencia, de conformidade co anterior, este Comité considera que constitúe un proceso electoral a impugnación do censo electoral definitivo, o que determina a súa competencia.

SEGUNDO. – Lexitimación.

O recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso tendo en conta que foi excluído do censo electoral definitivo.

TERCEIRO. – Temporalidade do recurso.

O prazo para a interposición do presente recurso é de tres días contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, no seu caso, desde o momento no que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada, tal e como dispón o artigo 56 do Decreto 120/2013. No presente caso, a resolución notificouse o 4 de outubro e o recurso interpúxose o 5 de outubro, polo que é patente que se interpuxo en prazo.

CUARTO. – Obxecto e pretensión do recurso.

O obxecto do recurso é a resolución da Xunta Electoral pola que se exclúe ao Club Béisbol e Sofbol do Censo Electoral Definitivo por non estar dado de alta na federación no ano 2021 ao non ter aboados os dereitos correspondentes.

QUINTO. – Consideracións de este Comité.

A primeira das cuestións que se formula no recurso é a extemporaneidade da resolución da Xunta Electoral. Agora ben, o incumprimento dos prazos son meras irregularidades invalidantes que en ningún momento poden determinar a nulidade das mesmas.

A segunda das cuestións é a relativa a inscrición do Club Béisbol e Sofbol Cambre na federación no ano 2021.

O artigo 6.b.1º do Regulamento Electoral exise as entidades deportivas para ser electores a súa inscrición dende o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao da celebración na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

O artigo 43 dos Estatutos da Federación Galega de Béisbol e Sofbol dispón de forma clara e indubitada que a obtención da licenza federativa require o abono dos dereitos correspondentes conforme as tarifas aprobadas pola Asemblea Xeral.





Asimesmo, na circular relativa as inscricións, indícase en todo momento tanto para a renovación de licencias como para a tramitación de novas, que a solicitude correspondente debe ir acompañada do abono das tarifas correspondentes.

No presente caso, queda acreditado que no ano 2021 o club recorrente non abonou as tarifas correspondentes a licenza do ano 2021, polo que é correcta a conclusión alcanzada pola Xunta Electoral de que non cumpre o artigo 6.b.1º do Regulamento Electoral e polo tanto ten que ser excluído do censo electoral. Acreditación que facilmente podería facela o club recorrente pero en ningún momento presentou nin ante a Xunta Electoral nin ante este Comité a documentación xustificativa de ter abonado as tarifas para o ano 2021.

En consecuencia, procede a desestimación do recurso.

En virtude de todo o exposto,

O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA, por unanimidade, **ACORDA** desestimar o recurso formulado polo Club Béisbol e Sofbol Cambre contra o acordo da Xunta Electoral da Federación Galega de Béisbol e Sofbol de excluílo do censo electoral definitivo.

RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Dona Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela.

